

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O grupo parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda, por medio da súa deputada **Yolanda Díaz Pérez** e **Eva Solla Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión**, relativa as actuacións para reverter a degradación das condicións laborais nas contratas de instalacións de Telefónica Movistar.

Exposición de Motivos

Alternativa Galega da Esquerda apoia as mobilizacións, folga indefinida nestes días, dos traballadores das contratas de Telefónica que están a padecer un progresivo deterioro das súas condicións laborais nun marco de crecente precarización e devaluación salarial. Este conflito non se limita a Galicia, abrangue ao Estado, a varios milleiros de traballadores. No noso país están afectados ao redor dun milleiro de traballadores

Por toda a xeografía galega, de Lugo a Pontevedra, pasando pola Coruña atopamos as condicións de precariedade extrema que sofren os técnicos que instalan telefonía, ADSL e fibra óptica, e reparacións sometidos a xornadas de traballo extenuantes, de ate 12 horas de traballo, obrigados a adoptar a figura de autónomo (nun obrigado exercicio de fraude de lei) e que con moitas dificultades superan os 700 euros, apenas o SMI. Todo elo tendo que custearse o transporte e os gastos anexos a este.

Atopámonos diante dos convenios bucle, nos que a matriz Telefónica Movistar vai recurtando cada tres anos as condicións nas que subcontrata estas tarefas de instalación e reparación afundindo as condicións laborais do persoal desas subcontratas. A situación actual semella unha pirámide onde se van a degradando as condicións laborais, empresas subcontratadas que remuneran de xeito individual co sistema de puntos baremos ate o último eslabón desta semiescravidade que son os traballadores obrigados a faceren de falsos autónomos.

As demandas son o respecto aos convenios asinados, a limitación da infernal cadea das subcontratacións e o recoñecemento dos dereitos de subrogación do persoal. Demandas que se amparan na legalidade que unha nefasta práctica empresarial adoita vulnerar de cote.

A Xunta de Galicia ten que facer valer o seu peso na defensa de condicións de traballo dignas.

Polo referido, o grupo parlamentar da AGE achega a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión:

- O Parlamento Galego insta á Xunta a mediar diante da empresa Movistar Telefónica e as contratas e subcontratas para acadar os seguintes acordos favorables a acadar condicións de traballo dignas: a eliminación dos convenios bucle, a redución drástica das subcontratacións, a eliminación da figura obrigada polas condicións da subcontratación dos falsos autónomos, a aplicación dos convenios provinciais do metal, outrosí da apertura dunha mesa sectorial de negociación para regulamentar o sector.

En Compostela, a 16 de abril do 2015.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asdo. Eva Solla Fernández

Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 16/04/2015 15:10:34

Eva Solla Fernández na data 16/04/2015 15:10:40